

RESUMO DA PROGRAMACIÓN

DEP. DE LATÍN IES X. FERRO COUSELO - CURSO 2024/25

- **MATERIA: LATÍN**
- **CURSO: 2º BAC B**
- **PROFESORA: Tina Castro Vilar**
- **DICIONARIO LATINO-ESPAÑOL: Diccionario bilingüe Vox ou SM.**

VINCULACIÓN TEMPORALIZACIÓN/ CONTIDOS	SABERES MINIMOS ESIXIBLES	INSTRUMENTOS E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E AVALIACIÓN
<p>1ª avaliación:</p> <p>(Unidades 4 – 7)</p> <p>*(Unidades 1, 2 e 3 en todas as avaliacións)</p> <p>Realizaranse 2 probas escritas</p> <p>setembro/novembro</p>	<ul style="list-style-type: none"> - Os contidos de Gramática do curso anterior (traballados de xeito autónomo polo alumnado durante a 1ª avaliación, e aplicados ao longo de todo o curso). - Verbos irregulares: volo, nolo, malo, fero, eo e fio. - Formas nominais do verbo (infinitivo, participio, xerundio, xerundivo e supino). Valores e tradución. - Valores e tradución do pronome relativo. Proposicións subordinadas de relativo e substantivas. - O participio concertado e absoluto. - As conxuncións máis relevantes e o seu emprego: ut, ne, cum, quod. - Oracións de infinitivo. - Xéneros literarios: teatro especialmente “A comedia” e autor 	<p>1ª, 2ª e 3ª AVALIACIÓNS</p> <p><u>Probas escritas:</u></p> <p>Realizaranse, sempre que for posible, <u>dúas probas escritas</u>.</p> <p>Este exame representará o 100% da nota total.</p> <p>As faltas de ortografía e outras incorreccións lingüísticas penalizarán ata un máximo de 1 punto nos exames de avaliación.</p> <p>No exame, o alumnado deberá realizar unha análise morfosintáctica de oracións/texto en prosa (Eutropio) ou verso (Fedro) e traducilo ao galego ou castelán correctamente.</p> <p>Importante: para que se puntúe favorablemente a análise e a tradución, teñen que coincidir e estar ben os dous. É dicir, non contará nada unha tradución se non coincide coa análise ou ao revés.</p> <p>Os exames seguirán a estrutura e o sistema de avaliación dos modelos das PAU 2025, aínda así a puntuación pode variar.</p> <p>O alumnado que cometa actos ilícitos no desenvolvemento dunha proba obterá a cualificación de 0 puntos nesa proba.</p>

2ª avaliación:

(Unidades 8 - 9)

Realizaranse
2 probas escritas

xaneiro/febreiro

3ª avaliación:

(Unidade 10)

Realizaranse
2 probas escritas

maio

representativo (**Plauto**), poesía lírica e autor (**Horacio**) poesía épica e autor (**Virxilio**), historiografía e autor (**Tito Livio**), oratoria e autor (**Cicerón**).

- Locucións latinas de uso actual.
- Prefixos e sufixos de orixe latina e presenza nas nosas linguas.

1) ALUMNADO QUE NON TEN QUE RECUPERAR: A materia será superada sempre que o alumnado acade un **cinco**, como mínimo, na terceira avaliación.

2) ALUMNADO QUE DEBE RECUPERAR:

Ao ser avaliación continua, só haberá recuperación na 3ª avaliación.

A recuperación farase en maio antes da avaliación ordinaria.

AVALIACIÓN ORDINARIA

Para superar a materia a cualificación debe ser igual ou superior a 5 sobre 10.

O ALUMNADO PENDENTE DE LATÍN I

Realizaranse dúas probas escritas teórico-prácticas, unha no mes de xaneiro, e outra, no mes de abril. Os días concretos destas probas comunicaráselles as alumnas afectadas coa suficiente antelación.

No caso de ter menos dun **5**, haberá unha proba escrita do contido do temario de primeiro na convocatoria establecida polo Centro para as materias pendentes.

Os criterios de corrección serán os mesmos que para o alumnado de 1º de bacharelato.